

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código   | Centro                            | Concello | Ano académico |
|----------|-----------------------------------|----------|---------------|
| 36018461 | IES República Oriental do Uruguai | Vigo     | 2023/2024     |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza   | Nome da área/materia/ámbito | Curso   | Sesións semanais | Sesións anuais |
|-------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Bacharelato | Latín II                    | 2º Bac. | 4                | 116            |

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

| <b>Contido</b>  | <b>Páxina</b> |
|---|---------------|
| 1. Introducción   | 3             |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias                                  | 3             |
| 3.1. Relación de unidades didácticas  | 5             |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas   | 6             |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas  | 15            |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos  | 17            |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial   | 19            |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación  | 19            |
| 6. Medidas de atención á diversidade  | 24            |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais  | 24            |
| 7.2. Actividades complementarias  | 25            |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 26            |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora                                    | 27            |
| 9. Outros apartados   | 27            |

## 1. Introducción

Elaborar unha programación implica organizar por anticipado a acción educativa, establecendo unha planificación concreta para un período determinado dentro dos obxectivos fixados polas autoridades educativas. Esta medida contribúe á mellora da calidade do ensino, porque reforza a conciencia da finalidade e os obxectivos educativos, promove a participación e a colaboración entre o profesorado, facilita a adaptación a distintos contextos académicos e fai rendibles o esforzo, o tempo e os recursos.

Para a elaboración desta Programación Didáctica da materia Latín II o Departamento de Grego do IES República Oriental do Uruguai tomou como referencia as disposicións recollidas no Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 26 de setembro de 2022). O que se pretende co presente documento é desenvolver e adaptar á realidade do noso centro os preceptos recollidos nese marco legislativo de referencia.

Neste segundo curso de bacharelato, o segundo no que o alumnado estuda a materia Latín (neste caso, Latín II), ou o terceiro se cursou Latín en 4º de ESO, procurárase a consolidación e a ampliación, empregando unha metodoloxía semellante, dos contidos de carácter lingüístico estudados no primeiro curso e farase un tratamento específico da toponimia, a literatura, os xéneros literarios, os principais autores e as obras máis destacadas, o cal contribúa a afondar nas raíces latinas da nosa cultura. Partirase dos coñecementos morfosintácticos e léxicos fundamentais adquiridos no primeiro curso, que serán obxecto de repaso e afondamento coa incorporación dunha morfoloxía verbal máis completa e de construcións sintácticas máis complexas. Por suposto, este traballo realizarase sobre a base dos textos, máis en concreto, dos textos propostos polo grupo de traballo que coordina a proba de Latín na ABAU, que neste caso serán máis amplos e elaborados na súa estrutura que os de Latín I, e de complexidade gradual. Será o labor de tradución de textos o que nos guiará cara á necesaria reflexión sobre as estruturas gramaticais neles presentes e cara ó comentario dos aspectos históricos, literarios, culturais, filosóficos etc. neles recollidos. O interese non se centrará unicamente nas cuestións morfolóxicas, sintácticas e culturais, senón tamén nas léxicas, que se verán reforzadas polo estudo dunha serie de topónimos galegos (e algúns españois) de orixe latina, e de varias locucións, prefixos e sufixos latinos de uso actual nas nosas linguas (locucións e topónimos propostos polo grupo de traballo que coordina a proba de Latín na ABAU, e prefixos e sufixos propostos polo profesor da materia). Esta perspectiva permitirá facer patente o peso innegable do latín no vocabulario das linguas modernas e na formación das linguas romances, aínda que, como resulta lóxico, centrárase a atención especialmente no galego e o castelán, e comprobarase a conservación nestes idiomas de moitos termos procedentes da lingua nai. Así pois, os contidos de carácter lingüístico (morfoloxía, sintaxe, léxico e tradución de textos latinos) terán un peso primordial na materia.

Por outra banda, como se vén de apuntar no parágrafo anterior, neste curso realizarase tamén un tratamento específico dos principais xéneros literarios da antiga Roma, e dos seus autores e obras de maior relevancia, tratamento que contribuirá a afondar nas raíces latinas da nosa cultura. Para o desenvolvemento desta parte do curriculum, o alumnado entrará en contacto con diferentes mostras textuais orixinais. Grazas á lectura, análise, tradución e comentario deste material poderá comprender claves da civilización romana recollidas nelas e valorar a influencia dos autores latinos ó longo dos séculos.

En resumo, ó remate deste segundo curso de bacharelato, as materias Latín I e Latín II procurarán que os valores permanentes do humanismo latino e a proxección universal do seu pensamento e a súa cultura queden de manifesto para todo o alumnado.

Polo que respecta ó noso centro, o IES República Oriental do Uruguai é un centro urbano da cidade de Vigo, no cal no bacharelato se imparten as modalidades de Ciencias e Tecnoloxía, e Humanidades e Ciencias Sociais, na que se integra a materia Latín II, obrigatoria da modalidade no segundo curso de bacharelato. No momento de realización desta programación didáctica a cantidade de estudantes matriculados na materia é de oito, e entre eles non hai ningún que repita curso. Descoñécese neste momento se algún deles precisa da adopción de medidas educativas específicas, mais, polo que se puido observar nestas primeiras sesións na aula, semella que estas non serán necesarias. As clases impartiranse en castelán no Departamento de Grego.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| <b>Obxectivos</b>   | <b>CCL</b> | <b>CP</b> | <b>STEM</b> | <b>CD</b> | <b>CPSAA</b> | <b>CC</b> | <b>CE</b> | <b>CCEC</b> |
|---|------------|-----------|-------------|-----------|--------------|-----------|-----------|-------------|
| OBX1 - Comprender e/ou producir textos latinos de dificultade crecente e xustificar a súa comprensión e/ou produción, identificando e analizando os aspectos básicos da lingua latina, en sentido amplo, as súas unidades lingüísticas e reflexionando sobre elas mediante a comparación coas linguas de ensino e con outras linguas do repertorio individual do alumnado, e poñendo en práctica, se se considera oportuno, habilidades comunicativas tanto orais como escritas, para realizar unha lectura comprensiva, directa e eficaz e unha interpretación razoada do seu contido e, de ser o caso, unha produción oral e/ou escrita correcta. | 1-2-4      | 2         | 1-2         |           | 32           |           |           |             |
| OBX2 - Distinguir os formantes latinos e explicar os cambios que tivesen lugar ao longo do tempo, comparándoos cos das linguas de ensino e outras linguas do repertorio individual do alumnado, para deducir o significado etimolóxico do léxico coñecido e os significados de léxico novo ou especializado.  | 1          | 2-3       | 1           |           | 50           |           |           |             |
| OBX3 - Ler, interpretar e comentar textos latinos de diferentes xéneros e épocas, asumindo o proceso creativo como complexo e inseparable do contexto histórico, social e político e das súas influencias artísticas, para identificar a súa xenealoxía e a súa achega á literatura europea.  | 1-4        |           |             |           |              |           |           | 1-2         |
| OBX4 - Analizar as características da civilización latina no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico, adquirindo coñecementos sobre o mundo romano e comparando criticamente o presente e o pasado, para valorar as achegas do mundo clásico latino á nosa contorna como base dunha cidadanía democrática e comprometida.   | 1-3        | 3         |             | 1         | 31           | 1         |           |             |
| OBX5 - Valorar criticamente o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización latina, interesándose pola súa sustentabilidade e recoñecendo como produto da creación humana e como testemuño da historia, para explicar o legado material e inmaterial latino como transmisor de coñecemento e fonte de inspiración de creacións modernas e contemporáneas.  | 1-3        |           |             | 1-2       |              | 1-4       | 1         | 1-2         |

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título               | Descrición  | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|----------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1  | Morfoloxía.          | Repaso da morfoloxía nominal, pronominal e verbal explicada en Latín I. Tratamento dos contidos programados para Latín I non traballados no curso anterior, se os houbera. Ampliación da morfoloxía nominal e pronominal: algúns substantivos irregulares; os numerais. Ampliación da morfoloxía verbal: formacións sincopadas do tema de perfecto; os compostos de sum; verbos irregulares e defectivos; o xerundio e o xerundivo. Técnica de uso do dicionario de latín. Análise morfolóxica de palabras, oracións e textos latinos orixinais e comparación das súas estruturas coas das linguas propias e outras linguas.  | 28             | 40         | X        | X        | X        |
| 2  | Sintaxe.             | Repaso da sintaxe nominal, pronominal e oracional explicada en Latín I. Tratamento dos contidos programados para Latín I non traballados no curso anterior, se os houbera. Ampliación da sintaxe oracional: a clasificación das oracións en latín; ampliación das oracións subordinadas adxectivas; as oracións compostas subordinadas substantivas e adverbiais (clasificación, nexos, tempos e modos); afondamento nas construcións de participio e infinitivo; as construcións de xerundio e xerundivo; valores do modo subxuntivo. Análise sintáctica de oracións e textos latinos orixinais e comparación das súas estruturas coas das linguas propias e outras linguas. | 16             | 15         | X        | X        | X        |
| 3  | Léxico.              | Latinismos, aforismos, lexemas, prefixos e sufixos de orixe latina frecuentes no léxico común e no léxico especializado nas linguas propias do alumnado e noutras linguas, e explicación do significado que achegan eses elementos léxicos (significado etimolóxico e significado semántico). Ampliación do vocabulario latino básico xa adquirido polo alumnado. A evolución fonética do latín ás linguas de uso habitual do alumnado. Topónimos galegos e españois de orixe latina.   | 13             | 12         | X        | X        | X        |
| 4  | Textos e tradución.  | Lectura comprensiva de textos latinos orixinais e afondamento nas técnicas de tradución, comentario e interpretación de textos latinos orixinais, reflexionando sobre as súas características formais e o seu contexto social, cultural e histórico.  | 32             | 33         | X        | X        | X        |
| 5  | A mitoloxía clásica. | Presenza da mitoloxía clásica en  | 2              | 4          | X        |          |          |

| UD | Título                              | Descrición   | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-------------------------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 5  | A mitoloxía clásica.                | manifestacións culturais e artísticas de épocas posteriores á romana.  | 2              | 4          | X        |          |          |
| 6  | Literatura latina.                  | Orixe, características fundamentais, autores máis destacados, obras máis representativas e influencias na literatura e a cultura occidentais posteriores dos principais xéneros literarios latinos: poesía épica, poesía lírica, comedia, historiografía, oratoria e retórica. Lectura dalgunha obra da literatura latina. Técnicas de análise e comentario lingüístico, literario, histórico, social e cultural de textos literarios latinos. | 8              | 10         |          | X        | X        |
| 7  | A transmisión da literatura latina. | Sistemas e soportes de escritura ó longo da historia. Etapas, vías e soportes de transmisión da literatura latina.   | 1              | 2          |          |          | X        |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 1  | Morfoloxía.  | 40       |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|---|---|----|----|
| CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas. | Recoñecer, analizar morfoloxicamente e declinar sós e concordando substantivos, determinantes e adxectivos. Recoñecer, analizar morfoloxicamente e conxugar verbos latinos (indicativo, subxuntivo e as formas nominais en activa, pasiva e depoñente). Recoñecer e aplicar leis fonéticas na morfoloxía. | PE | 95 |
| CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua latina, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación.  | Reflexionar sobre os problemas e os progresos relacionados coa aprendizaxe e a comprensión de elementos da morfoloxía nominal, pronominal e verbal latina, levar un rexistro deles e propoñer medidas para emendalos ou potenciais segundo o caso.  |    |    |
| CA1.8 - Explicar cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos de complexidade crecente que se produciron tanto desde o latín culto como desde o latín vulgar ata a lingua de ensino, servíndose cando sexa posible da comparación con outras linguas do repertorio propio.   | Identificar nas linguas de uso polo alumnado elementos morfolóxicos herdados do latín e explicar algúns dos cambios habidos no paso do latín a esas linguas.  | TI | 5  |

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|--|-----------|----------|
| CA2.3 - Explicar a relación do latín coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe latina e utilizando estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio do alumnado. | Identificar e analizar a presenza nas linguas do repertorio do alumnado de elementos e procedementos propios da morfoloxía latina, apreciando e comentando as semellanzas e as diferenzas habidas no tratamento destes entre a lingua latina e as actuais. |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Unidades lingüísticas da lingua latina.</li> <li>- Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións), flexión verbal (sistema de conxugacións).</li> <li>- Formas nominais do verbo.</li> <li>- A tradución: técnicas, procesos e ferramentas.</li> <li>- A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución.</li> <li>- Destrezas comunicativas do uso da lingua latina.</li> <li>- Estratexias para a planificación e produción de textos orais ou, preferentemente, escritos.</li> <li>- Influencia do latín na evolución das linguas de ensino e do resto de linguas que conforman o repertorio lingüístico individual do alumnado.</li> <li>- O latín como instrumento que permite un mellor coñecemento das linguas de estudo e un máis fácil achegamento a outras linguas modernas, romances e non romances.</li> <li>- Expresións e léxico específico básico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b> | <b>Duración</b> |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 2         | Sintaxe.            | 15              |

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|---|-----------|----------|
| CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas. | Analizar sintacticamente textos latinos de dificultade adecuada para recoñecer funcións de casos (con/sen preposición) e verbos, e tipos de oracións (simples, coordinadas e subordinadas de todo tipo) e construcións (formas nominais do verbo e usos dos modos verbais), co fin de traducir eses textos. | PE        | 96       |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|---|-----------|----------|
| CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua latina, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación. | Reflexionar sobre os problemas e os progresos relacionados coa aprendizaxe e a comprensión da sintaxe da lingua latina, levar un rexistro deles e propoñer medidas para emendalos ou potenciais segundo o caso.   | TI        | 4        |
| CA2.3 - Explicar a relación do latín coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe latina e utilizando estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio do alumnado.  | Identificar e analizar a presenza nas linguas do repertorio do alumnado de construcións, elementos e procedementos propios da sintaxe latina, apreciando e comentando as semellanzas e as diferenzas habidas no tratamento destes entre a lingua latina e as actuais. |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Unidades lingüísticas da lingua latina.</li> <li>- Sintaxe oracional: funcións e sintaxe dos casos.</li> <li>- Estruturas oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas.</li> <li>- Formas nominais do verbo.</li> <li>- A tradución: técnicas, procesos e ferramentas.</li> <li>- A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución.</li> <li>- Destrezas comunicativas do uso da lingua latina.</li> <li>- Estratexias para a planificación e produción de textos orais ou, preferentemente, escritos.</li> <li>- Influencia do latín na evolución das linguas de ensino e do resto de linguas que conforman o repertorio lingüístico individual do alumnado.</li> <li>- O latín como instrumento que permite un mellor coñecemento das linguas de estudo e un máis fácil achegamento a outras linguas modernas, romances e non romances.</li> <li>- Expresións e léxico específico básico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b> | <b>Duración</b> |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 3         | Léxico.             | 12              |

| <b>Criterios de avaliación</b> | <b>Mínimos de consecución</b> | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|



| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|---|-----------|----------|
| CA2.2 - Explicar cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos de complexidade crecente que se produciron tanto desde o latín culto como desde o latín vulgar ata as linguas de ensino, servíndose cando sexa posible da comparación con outras linguas do seu repertorio propio.                      | Explicar a orixe e o significado de topónimos galegos e españois de procedencia latina a partir dos lexemas e sufixos latinos orixinais dos que deriven e comentar os posibles cambios semánticos e/ou fonéticos que se producisen neles a partir deses elementos de léxico orixinais.                      | PE        | 94       |
| CA2.3 - Explicar a relación do latín coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe latina e utilizando estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio do alumnado.  | Saber o significado de prefixos e sufixos latinos, dar exemplos do seu mantemento en palabras das linguas do alumnado e explicar o significado desas palabras a partir deses elementos léxicos. Explicar o significado orixinal e o uso actual de locucións e aforismos latinos usuais nas linguas actuais. |           |          |
| CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua latina, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación.     | Reflexionar sobre os problemas e os progresos relacionados coa aprendizaxe e a comprensión de elementos de léxico da lingua latina, levar un rexistro deles e propoñer medidas para emendalos ou potencialos segundo o caso.  | TI        | 6        |
| CA2.1 - Deducir o significado etimolóxico dun termo de uso común e inferir o significado de termos de nova aparición ou procedentes de léxico especializado aplicando estratexias de recoñecemento de formantes latinos atendendo aos cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos que tivesen lugar. | Deducir o significado etimolóxico de palabras do léxico común ou do léxico especializado, xa sexan coñecidas ou de nova aparición, a partir dos elementos de léxico latinos cos que contén.   |           |          |
| CA2.4 - Analizar criticamente prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da diversidade como riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir de criterios dados.   | Identificar prexuízos e estereotipos relacionados coas linguas en xeral e o léxico latino en particular, analízalos criticamente, e valorar e respectar a importancia da diversidade lingüística.   |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- A tradución: técnicas, procesos e ferramentas.</li> <li>- Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación.</li> <li>- Destrezas comunicativas do uso da lingua latina.</li> <li>- Léxico común nos textos e autores obxecto de traballo, así como fraseoloxía básica para a expresión oral en latín de preguntas básicas sobre o contido do texto e/ou a gramática.</li> <li>- Influencia do latín na evolución das linguas de ensino e do resto de linguas que conforman o repertorio lingüístico individual do alumnado.</li> <li>- Regras fonéticas na evolución do latín ás linguas de ensino.</li> </ul> |

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Léxico:               <ul style="list-style-type: none"> <li>- Lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina presentes no léxico de uso común e no específico das ciencias e a técnica.</li> <li>- Significado e definición de palabras de uso común nas linguas de ensino a partir dos seus étimos de orixe latina.</li> <li>- Expresións latinas integradas nas linguas modernas e o seu emprego en diferentes tipos de textos.</li> </ul> </li> <li>- O significado etimolóxico das palabras e a importancia do uso adecuado do vocabulario como instrumento básico na comunicación.</li> <li>- O latín como instrumento que permite un mellor coñecemento das linguas de estudo e un máis fácil achegamento a outras linguas modernas, romances e non romances.</li> <li>- Respecto por todas as linguas e aceptación das diferenzas culturais das xentes que as falan.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de latín no ámbito transnacional.</li> <li>- Expresións e léxico específico básico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b> | <b>Duración</b> |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 4         | Textos e tradución. | 33              |

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|---|-----------|----------|
| CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas. | Realizar con corrección a tradución de formas verbais, oracións e textos latinos adaptados ou orixinais de complexidade adecuada despois de realizar a súa análise morfosintáctica. Inclúense aquí tamén o mínimo de consecución e o peso orientativo do CA1.2. | PE        | 95       |
| CA1.2 - Seleccionar o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes cando se considere necesario.  | Seleccionar os significados máis apropiados das palabras en cada oración ou texto á hora de realizar a súa tradución, usando ferramentas de apoio en distintos soportes. O mínimo de consecución e o peso orientativo deste CA avalíanse xunto co CA1.1.        |           |          |
| CA1.3 - Revisar e emendar as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.   | Participar na corrección colectiva e en colaboración de traducións de oracións e textos latinos orixinais, identificando os erros habidos, explicándoos e emendándoos.  | TI        | 5        |
| CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos latinos de dificultade adecuada identificando as unidades lingüísticas máis frecuentes da lingua latina, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do latín.  | Realizar unha primeira achega ó tema e o contido principal de oracións e textos latinos orixinais mediante unha lectura e un comentario do significado previos á tradución.   |           |          |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|---|-----------|----------|
| CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua latina, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación.     | Reflexionar sobre os problemas e os progresos relacionados coa tradución de palabras, oracións e textos latinos orixinais, levar un rexistro deles e propoñer medidas para emendalos ou potencialos segundo o caso. |           |          |
| CA1.6 - Extraer, analizar e reflectir oralmente ou, preferentemente, por escrito e, de poder ser, en latín, mediante paráfrases simples, as ideas principais dos textos obxecto de traballo.   | Comentar oralmente na lingua propia do alumnado o tema e a idea principal dos textos latinos orixinais que se traduzan despois de realizar a súa lectura.   |           |          |
| CA2.1 - Deducir o significado etimolóxico dun termo de uso común e inferir o significado de termos de nova aparición ou procedentes de léxico especializado aplicando estratexias de recoñecemento de formantes latinos atendendo aos cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos que tivesen lugar. | Deducir o significado etimolóxico de palabras do léxico común ou do léxico especializado, xa sexan coñecidas ou de nova aparición, a partir dos elementos de léxico latinos cos que contén.                         |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- A tradución: técnicas, procesos e ferramentas.</li> <li>- Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, de contorno textual e do propio texto, paráfrases simplificadas en lingua latina, contexto, coñecemento do tema, descrición da estrutura e xénero, peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar.</li> <li>- Erros frecuentes de tradución e técnicas para evitalos.</li> <li>- Ferramentas de tradución, cando se considere necesario.</li> <li>- Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística.</li> <li>- Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto.</li> <li>- Estratexias de retroversión de textos breves. Afondamento no uso de expresións idiomáticas.</li> <li>- A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese, dentro dos límites e inconsistencias propias da tradución.</li> <li>- Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación.</li> <li>- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.</li> <li>- Destrezas comunicativas do uso da lingua latina.</li> <li>- Estratexias para a planificación e produción de textos orais ou, preferentemente, escritos.</li> <li>- Funcións comunicativas adecuadas aos textos obxecto de traballo: reformular e/ou resumir textos escritos.</li> <li>- Léxico común nos textos e autores obxecto de traballo, así como fraseoloxía básica para a expresión oral en latín de preguntas básicas sobre o contido do texto e/ou a gramática.</li> <li>- Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc.</li> </ul> |

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Léxico:</li> <li>- Significado e definición de palabras de uso común nas linguas de ensino a partir dos seus étimos de orixe latina.</li> <li>- O significado etimolóxico das palabras e a importancia do uso adecuado do vocabulario como instrumento básico na comunicación.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b>  | <b>Duración</b> |
|-----------|----------------------|-----------------|
| 5         | A mitoloxía clásica. | 4               |

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|---|-----------|----------|
| CA4.2 - Identificar e explicar o legado material e inmaterial da civilización latina como fonte de inspiración, analizando producións culturais e artísticas posteriores. | Realizar e expoñer oralmente con ferramentas dixitais un traballo de investigación sobre obras de arte ou literarias posteriores á época romana inspiradas en mitos, personaxes e temas da mitoloxía clásica, comentando os trazos básicos desas obras e o tratamento nelas feito dese material mitolóxico. | TI        | 100      |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- A mitoloxía clásica en manifestacións literarias e artísticas.</li> <li>- Técnicas de debate e de exposición oral.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b> | <b>Duración</b> |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 6         | Literatura latina.  | 10              |

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|--|-----------|----------|
| CA3.1 - Interpretar e comentar textos e fragmentos literarios de diversa índole de crecente complexidade, aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen espertar o espírito crítico, mobilizar a propia experiencia, comprender o mundo e a condición humana e desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector. | Ler e comentar por escrito algunha obra da literatura latina, cando menos unha comedia de Plauto, reflexionando sobre o seu contido e a súa intención, e realizando unha breve valoración crítica sobre esa reflexión. | PE        | 93       |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | % |
|--|---|----|---|
| CA3.2 - Analizar e explicar os xéneros, temas, tópicos e valores éticos ou estéticos de obras ou fragmentos literarios latinos comparándoos con obras ou fragmentos literarios posteriores, desde un enfoque intertextual.   | Coñecer e explicar a orixe, as características principais, os autores máis destacados e as obras máis representativas dos principais xéneros literarios latinos: poesía épica, poesía lírica, comedia, historiografía, oratoria e retórica.   |    |   |
| CA3.3 - Identificar e definir palabras latinas que designan conceptos fundamentais para o estudo e comprensión da civilización latina e cuxa aprendizaxe combina coñecementos léxicos e culturais, en textos de diferentes formatos.   | Coñecer o significado de palabras latinas ou gregas que designen conceptos e ideas importantes para o estudo e a comprensión dos valores éticos e/ou estéticos dos principais xéneros literarios latinos: poesía épica, poesía lírica, comedia, historiografía, oratoria e retórica.                        |    |   |
| CA1.7 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre os contidos dos textos obxecto de traballo, coa finalidade de facilitar a súa comprensión integral.   | Participar en diálogos breves e sinxelos sobre as ideas xurdidas ó comentar os textos e fragmentos literarios latinos propostos para exemplificar as cuestións relacionadas co estudo dos principais xéneros literarios latinos: poesía épica, poesía lírica, comedia, historiografía, oratoria e retórica. |    |   |
| CA1.9 - Analizar, interpretar e comentar textos e fragmentos literarios de diversa índole de crecente complexidade, aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen mobilizar a propia experiencia, comprender o mundo e a condición humana e desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.         | Realizar a lectura, a análise, a interpretación e o comentario de textos e fragmentos literarios latinos propostos para exemplificar as cuestións relacionadas co estudo dos principais xéneros literarios latinos, tentando espertar a sensibilidade estética e fomentar o hábito lector.                  |    |   |
| CA2.5 - Crear textos individuais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se partise da civilización e cultura latina como fonte de inspiración.   | Crear textos literarios escritos breves ou moi breves nos que se reflicta algunha das características propias dos principais xéneros literarios latinos (poesía épica, poesía lírica, comedia, historiografía, oratoria e retórica) estudadas ó traballar estes xéneros literarios.                         | TI | 7 |
| CA3.4 - Investigar aspectos do legado da civilización latina no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual. | Investigar sobre a conservación en textos literarios de épocas posteriores á romana de características, temas e tópicos dalgúns dos principais xéneros literarios latinos: poesía épica, poesía lírica, comedia, historiografía, oratoria e retórica.   |    |   |
| CA4.1 - Investigar aspectos do legado da civilización latina no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual. | Investigar sobre a conservación en textos literarios de épocas posteriores á romana de características, temas e tópicos dalgúns dos principais xéneros literarios latinos: poesía épica, poesía lírica, comedia, historiografía, oratoria e retórica.   |    |   |

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|---|-----------|----------|
| CA4.3 - Investigar o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización latina, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de construción, preservación, conservación e restauración e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sostibilidade.         | Investigar sobre a conservación en textos literarios de épocas posteriores á romana de características, temas e tópicos dalgúns dos principais xéneros literarios latinos: poesía épica, poesía lírica, comedia, historiografía, oratoria e retórica. |           |          |
| CA4.4 - Explorar as pegadas da romanización e o legado romano na contorna do alumnado aplicando os coñecementos adquiridos e reflexionando sobre as implicacións dos seus distintos usos, dando exemplos da persistencia da Antigüidade clásica na súa vida cotiá e presentando os seus resultados a través de diferentes soportes. | Explorar a presenza de temas, personaxes, estética e recursos do teatro romano na contorna do alumnado, reflexionando sobre as implicacións do seu uso e dando exemplos da súa persistencia.  |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- A tradución: técnicas, procesos e ferramentas.</li> <li>- Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto.</li> <li>- Destrezas comunicativas do uso da lingua latina.</li> <li>- Funcións comunicativas adecuadas aos textos obxecto de traballo: reformular e/ou resumir textos escritos.</li> <li>- Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc.</li> <li>- Respecto por todas as linguas e aceptación das diferenzas culturais das xentes que as falan.</li> <li>- Principais xéneros da literatura latina: orixe, tipoloxía, cronoloxía, temas, motivos, tradicións, características e principais autores.</li> <li>- Técnicas para o comentario e análise lingüística e literaria dos textos literarios latinos.</li> <li>- Recepción da literatura latina: influencia na produción cultural europea, nocións básicas de intertextualidade, imitatio, aemulatio, interpretatio, allusio.</li> <li>- Analoxías e diferenzas entre os xéneros literarios latinos e os da literatura actual.</li> <li>- Introducción á crítica literaria.</li> <li>- A literatura como fonte de pracer e de coñecemento do mundo.</li> <li>- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio.</li> <li>- O dereito romano e a súa importancia no sistema xurídico actual.</li> <li>- A importancia do discurso público para a vida política e social. A oratoria e as novas tecnoloxías.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b>                 | <b>Duración</b> |
|-----------|-------------------------------------|-----------------|
| 7         | A transmisión da literatura latina. | 2               |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|---|-----------|----------|
| CA3.4 - Investigar aspectos do legado da civilización latina no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual. | Realizar unha pequena investigación sobre algún aspecto relacionado coa transmisión da literatura latina dende a antigüidade ata a actualidade. | PE        | 100      |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- A lingua latina como principal vía de transmisión do mundo clásico.</li> <li>- Etapas e vías de transmisión da literatura latina. A transmisión textual latina como patrimonio cultural e fonte de coñecemento a través de diferentes culturas e épocas. Soportes e materiais de escritura: tipos e preservación. O comercio librario no mundo antigo. A lectura en voz alta.</li> </ul> |

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

### 4.1.1.- Principios metodolóxicos:

Procurarase un tipo de estudo que permita ó alumnado descubrir as posibilidades que ofrece a lectura de textos como fonte de información sobre a antigüidade clásica, textos que proporcionan un punto de partida para o fomento da expresividade e a creatividade. É preciso tamén contribuír á reflexión sistemática sobre a linguaxe, co fin de mellorar e enriquecer a súa capacidade comunicativa.

Dados o carácter integral da materia e a unidade entre lingua e cultura, ensinaranse simultaneamente nos distintos trimestres contidos morfolóxicos, sintácticos, léxicos e culturais. Estes eidos temáticos han de percibirse como un todo unitario e non como parcelas illadas dun saber, o que contribuír á que as clases sexan máis dinámicas e os alumnos estean máis motivados. Ademais, buscarase unha complexidade progresiva dos argumentos e unha diversidade temática, xa que, ó mesmo tempo que á lingua, a cultura e a literatura, atenderase tamén á xeografía, a historia, a relixión, a mitoloxía, a ciencia, a arte, a política, a sociedade e a cantos temas dean pé os textos cos que se traballe.

O tipo de aprendizaxe que se persegue é o significativo e autónomo, polo seu gran potencial para a retención do aprendido e para a súa aplicación. Con el favorécese a maduración dos estudantes e refórzase a aprendizaxe, xa que esixe moito tempo e atención específica, e implica a mobilización dos coñecementos previos e a memorización comprensiva. Neste sentido cobra importancia a analoxía como procedemento que, a través de relacións e comparacións, permite comprobar se determinados elementos (morfolóxicos, sintácticos, léxicos, culturais etc.) aparecen noutras linguas, culturas e/ou épocas. Deste xeito, faranse con moita frecuencia referencias ó castelán, o galego e outras linguas e culturas coñecidas polo alumnado para tentar atopar nelas estruturas paralelas. Será o alumno o que execute a tarefa de buscar esas analoxías e atopar as diferenzas.

Un papel fundamental nos procesos educativos actuais xógoa a capacidade do profesor para motivar. Debemos enriquecer os mecanismos de interacción na aula e non monopolizar a acción educativa, deixando de lado as antigas leccións maxistras. Xerar empatías, espertar curiosidade, facer referencias a temas actuais, potenciar a creatividade e a educación, estimular sentimentos son accións que nos axudarán a conseguir este obxectivo. Isto pode poñerse en práctica formulando preguntas ó alumnado, establecendo debates e coloquios, confrontando ideas e hipóteses, proxectando mapas, presentacións, pequenos fragmentos de cancións, vídeos, películas etc. A contribución ó reforzo da autoestima e do autoconcepto pola súa parte será notable. Importancia en relación con este aspecto teñen tamén a avaliación formativa e a aprendizaxe indutiva, no sentido de que permiten recoñecer erros e aprender deles. É importante que os estudantes saiban autoavaliarse, o que lles servirá para controlar por si mesmos o seu proceso de aprendizaxe.

### 4.1.2.- Agrupamentos:

A metodoloxía proposta combina traballos que se han de realizar individualmente con traballos que se han de realizar en grupos. Os agrupamentos deben ser flexibles e responder ó tipo de actividade que se pretende levar a cabo. Isto

permitirá de xeito especial adoptar medidas de atención ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Non debe empregarse unha única modalidade de agrupamentos, senón que hai unha gama na que se pode escoller segundo os contidos que se pretenden traballar:

- Modalidade colectiva: metodoloxía clásica e efectiva en circunstancias coma a exposición de contidos por parte do profesor ou dalgún alumno, ou a corrección conxunta de textos traducidos, na que todo o grupo fai o mesmo: atender, escoitar, explicar, resolver exercicios e traducións, tomar notas, facer procuras no dicionario, formular preguntas, emendar erros propios ou alleos, reflexionar sobre eses erros e razoar as emendas e as novas propostas realizadas etc. Tamén resulta práctica esta modalidade á hora de dar a coñecer contidos procedimentais, aínda que é un tanto ineficaz ó aplicalos.

- Modalidade por parellas: tanto esta modalidade coma a anterior facilitan a atención ó alumnado con dificultades nalgúns dos contidos e o seu reforzo e ampliación por parte de quen os superou, xa que se traballa cos mesmos materiais, o mesmo tempo, os mesmos medios, os mesmos métodos..., polo que se igualan as condicións de aprendizaxe.

- Modalidade individual: a realización de actividades individualmente é imprescindible en todo proceso de aprendizaxe, que sempre ten un factor de apropiación persoal de coñecementos, pero cuxa utilización debe estar en función do contido traballado. No noso caso o seu papel é importante por mor dos contidos lingüísticos e os procesos de análise, tradución e comentario de oracións e textos.

#### 4.1.3.- Estratexias metodolóxicas:

Explicarase agora e de xeito abreviado a base teórica das distintas metodoloxías educativas que pretendemos empregar. Para lograr que teñan éxito, é fundamental a variedade nas actividades, a referencia reiterada a contidos anteriores e actuais e a inclusión na súa xusta medida do compoñente lúdico. Este poderá abordarse establecendo relacións entre os contidos tratados e situacións de actualidade:

- Motivacional: as lecturas dos textos que se van traducir ou que ilustren os temas que se tratarán, a participación no proceso de avaliación, a interacción profesor-alumnado e alumnado-alumnado, as referencias a temas actuais, os debates e coloquios etc. son procedementos e estratexias que contribúen a motivar e espertar a curiosidade no alumnado.

- Expositiva: dela serán partícipes tanto o profesor, explicando contidos e conceptos, como o alumnado, dando conta das conclusións ás que cada quen chegue nos seus traballos de investigación, nos seus exercicios, no seu traballo diario, non só ó realizar tarefas individuais, senón tamén nas colectivas.

- Observacional: os estudantes deberán prestar atención ás explicacións e exposicións de contidos por parte do profesor, que pola súa banda, tendo como meta a avaliación, deberá observar o grao de atención e participación dos alumnos nas presentacións da aula e nas actividades programadas. Deste xeito poderá concluír se se acadaron, non se acadaron ou están en proceso de adquisición os obxectivos propostos para cada persoa e se as actividades responden ós obxectivos, contidos, criterios de avaliación e competencias clave pensados.

- Memorística: aínda que non será a metodoloxía principal nin pasa por ser a máis aceptada nin recomendable, si será preciso acudir a ela para que o alumnado, co esforzo que isto lle require, cimente unha base de contidos morfolóxicos, sintácticos e léxicos sobre a que poida traballar de xeito máis eficaz na análise e tradución de textos. Neste sentido cómpre sinalar que no eido da lingua se lle concede unha grande importancia ó estudo do vocabulario como procedemento non só para afianzar os coñecementos léxicos dos alumnos, senón tamén para conformar unha bagaxe de palabras que lles sirva para reducir a necesidade de uso do dicionario. Estudaremos unha serie de lexemas, locucións, aforismos e topónimos que nos permitan observar a presenza do vocabulario latino na nosa realidade actual, así como aqueles elementos (prefixos e sufixos) que se empregan hoxe en día en diversas linguas de Europa na creación de palabras, especialmente nos eidos da ciencia e a tecnoloxía.

- Analítica: esta metodoloxía terá un peso básico á hora de tratar contidos lingüísticos e léxicos, xa que deberemos poñela en práctica para analizar e traducir formas nominais e verbais, oracións e textos, e para identificar os elementos constitutivos das palabras.

- Dedutiva: as semellanzas entre linguas como o latín e o grego, entre o latín e as linguas romances ou as existentes dentro dunha mesma lingua (os dialectos do grego ou os rexistros do latín) permitirán que, sobre a base duns coñecementos xa adquiridos, se lle poida pedir ó alumnado a niveis elementais e introdutorios que deduzza desinencias, formas nominais e verbais, evolucións fonéticas concretas etc.

- Resolutiva: en calquera momento das sesións o alumnado aproveitará para resolver as súas dúbidas formulando cantas consultas estime ó profesor. As actividades programadas en relación con contidos anteriormente expostos serán unha boa pedra de toque para comprobar se todas as dúbidas están resoltas ou se hai erros comúns que precisen dunha nova explicación.

- Investigadora: programarase algún exercicio no que os alumnos, ben baixo as orientacións do profesor, ben pola



súa propia man, deberán buscar, discriminar, sintetizar e expoñer en público información, o cal lles servirá como práctica para os seus futuros estudos e traballos.

- **Comparativa:** segundo vimos dicindo, será un pilar no noso método o contraste entre as estruturas lingüísticas e culturais da civilización grecolatina e as da nosa: os dereitos e deberes dos cidadáns, as clases sociais, os sistemas políticos, as tendencias artísticas, os xéneros literarios, os morfemas, as desinencias, a sintaxe etc. As semellanzas e as diferenzas entre as dúas realidades axudarán a fixar os contidos que nos propoñemos.

- **Cooperativa:** nun mundo cada vez máis globalizado como o que nos toca vivir o traballo en equipo cobra, co paso do tempo, maior relevancia. Por iso, serán frecuentes as tarefas que se realizarán de xeito colectivo ou en parellas, principalmente as traducións, correccións e comentarios dos textos de preparación da ABAU, os comentarios dos textos que se usarán para exemplificar as cuestións tratadas nos temas dedicados ós xéneros literarios latinos etc. Este método permitiranos amosarlles que os grupos de traballo acadan os seus obxectivos e resultados soa e unicamente se todos os seus membros se esforzan ó máximo e son responsables das súas tarefas.

- **Personalizada:** traballaremos sobre as características concretas de cada alumno, favorecendo a súa capacidade para aprender autonomamente e traballar en equipo, así como o seu coñecemento da realidade segundo os principios básicos do método científico. Programaranse actividades concretas para as persoas con dificultades de aprendizaxe, actividades de repaso para quen acada os obxectivos sen dificultades e actividades de ampliación para o caso de que alguén reclame avanzar máis nalgún tema.

- **Participativa:** procurarase en todo momento que a aprendizaxe por parte do alumnado sexa activa, que se involucre nela, que se implique no proceso educativo. Adoptarase unha estratexia construtiva, na que se teña en conta o punto de partida do alumnado para avanzar cara á aprendizaxe de coñecementos, habilidades e actitudes.

- **Interdisciplinaria:** a través dos contidos de lingua e cultura estableceremos relacións con outras materias do currículo, especialmente coas do eido humanístico: Grego, Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura, Lingua Estranxeira, Filosofía, Historia da Arte, Historia de España, Historia do Mundo Contemporáneo, Xeografía etc. O tratamento do léxico e dalgúns temas do legado cultural permitiranos achegarnos a materias do eido científico, como Bioloxía, Xeoloxía, Física, Química, Matemáticas, Tecnoloxía etc.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación  |
|---|
| Libro de apuntamentos proporcionado polo profesor da materia.   |
| Boletíns de exercicios proporcionados polo profesor da materia.   |
| Selección de topónimos, locucións, aforismos e textos para traducir de Eutropio e Fedro realizada polo grupo de traballo que coordina a proba de Latín na ABAU. |
| A comedia "Menechmos" de Plauto.  |
| A traxedia e/ou a comedia a cuxa representación se acuda no marco do Festival de Teatro Grecolatino organizado pola SEEC.                                       |
| Wole Soyinka, "Diccionario ilustrado de latín. Latino-Español/Español-Latino", Vox/Bibliograf, Barcelona, 2011.   |
| Caderno ou folios para notas e actividades.   |
| Equipo informático con alt falantes e conexión a Internet e a un proxector para o profesor.   |
| Presentacións multimedia elaboradas polo profesor da materia.   |
| Conexión a Internet para o alumnado para realizar as tarefas.   |
| Uso da biblioteca, as aulas de informática e a aula virtual do centro cando sexa necesario.   |

As actividades que poderíamos chamar cotiás, as que marcarán o día a día da materia, consistirán basicamente nas explicacións orais por parte do profesor, nos intercambios de opinións profesor-alumnado ou alumnado-alumnado e na resolución de exercicios por parte dos estudantes (exercicios prácticos preparados polo profesor sobre os contidos explicados, tradución constante de textos, análise morfolóxica e sintáctica profunda de textos, comentario e

interpretación de textos literarios, realización de traballos de investigación sinxelos individuais ou en grupo, exposición oral destes e debates/comentarios/preguntas sobre o argumentado, elaboración de presentacións multimedia etc.). Para desenvolver estas actividades de acordo coa metodoloxía proposta, o profesor precisará contar na aula onde se imparta a materia cun equipo informático con altofalantes e conexión a Internet e a un proxector, co cal se poidan reproducir textos, esquemas, imaxes, mapas, presentacións dixitais, pequenos fragmentos de películas, documentais e cancións, páxinas web con recursos educativos interesantes etc. O alumnado precisará un caderno para tomar as notas que estime oportunas e realizar as tarefas encomendadas, así como unha conexión a Internet e un ordenador (ou dispositivo semellante: tableta ou móbil) na súa casa para facer determinados traballos e exercicios que lle serán encargados. No caso de non dispoñer deste equipamento TIC no seu fogar, terá a posibilidade de acceder a el na biblioteca ou nunha das aulas de informática do centro (previa solicitude).

Para o desenvolvemento da materia non se usará ningún libro de texto, xa que o profesor lle facilitará ó alumnado un libro de apuntamentos que deberá fotocopiar ou imprimir e os cadernos de actividades necesarios. Si será preciso que os estudantes dispoñan dun dicionario de latín (recoméndase o tradicional da editorial Vox). O profesor preparará pola súa conta as explicacións de clase e os exercicios que se realizarán, entregando esquemas e cadernos de actividades ó alumnado en formato de fotocopia ou dixital. O estudo das unidades didácticas de contidos lingüísticos partirá dun repaso das cuestións explicadas en Latín I e dunha explicación ex novo das que quedasen sen tratar no curso anterior. Os textos que se analizarán, traducirán e comentarán serán os da selección de Eutropio e Fedro preparada polo grupo de traballo que coordina a proba de Latín na ABAU. Traballarase en primeiro lugar os da selección de Eutropio, que se irán tratando en función do seu grao de dificultade e que se irán complicando segundo avancen as explicacións de clase sobre os contidos morfolóxicos e sintácticos. A continuación, se houbese tempo, circunstancia que non adoita darse pola lentitude coa que normalmente o alumnado vai progresando na materia, traballarase os textos da selección de Fedro. Usaranse os textos para inferir, a partir dos coñecementos do alumnado, o significado das palabras que neles aparezan, para ampliar o vocabulario básico adquirido en Latín I e para a revisión do léxico do texto traducido e os seus derivados actuais. En todo momento pediráselle ó alumnado que achegue non só na súa lingua habitual, senón tamén noutras do seu repertorio, derivados que contén con lexemas, prefixos e sufixos de orixe latina que vaian aparecendo nos textos. Ademais, na preparación da unidade didáctica relacionada co léxico traballarase tamén sobre a base das listas de locucións e aforismos latinos vivos nas nosas linguas actuais e de topónimos galegos e españois de orixe latina facilitadas polo grupo de traballo que coordina a proba de Latín na ABAU. Por último, estudarase unha serie de prefixos e sufixos latinos habituais na creación de vocabulario nas linguas do repertorio do alumnado.

Polo que respecta á unidade didáctica relacionada cos xéneros literarios latinos, esta traballarase mediante as explicacións do profesor, para que a continuación, a partir dunha selección de fragmentos literarios de cada xénero, o alumnado realice a súa lectura, comentario e interpretación, tentando atopar neles os elementos característicos de cada xénero xa tratados con anterioridade na aula. Ademais, os estudantes haberán de ler a comedia "Menechmos" de Plauto, así como aquelas obras a cuxa representación se acuda no marco do Festival de Teatro Grecolatino organizado pola delegación galega da SEEC.

De cando en vez poderá ser preciso acudir á biblioteca do instituto para realizar investigacións sobre os temas propostos ou consultar dicionarios de mitoloxía, de lingua, enciclopedias temáticas, atlas etc. Tamén se usará puntualmente a aula de informática para facer webquests ou participar en concursos en liña. No caso de que os alumnos desexen realizar consultas ou ampliar información sobre os temas tratados na aula, poderán recorrer, sempre baixo as orientacións do profesor, ós seguintes libros e recursos dixitais:

- AA.VV., Forum. Lectiones latinitatis vivae, Polis Institute Press, Xerusalén, 2017.
- Aguilar, M.<sup>a</sup> L. e Tárrega, J., Vía Latina. De lingua et vita Romanorum, Cultura Clásica, Granada, 2022.
- Amiel, M., Pompeya, la ciudad recuperada, SM, Madrid, 1988.
- Ballester, R., Historia de Roma y de la España romana, Hora, Barcelona, 1990.
- Bescós, M<sup>a</sup>. V. e Romero, C., Raíces clásicas del léxico científico, Almadra, Madrid, 2001.
- Cairns, T., Los romanos y su imperio. Historia del mundo para jóvenes, Akal/Cambridge, Madrid, 1990.
- Codoñer, C. (ed.), Historia de la literatura latina, Cátedra, Madrid, 1997.
- Corbishley, M., ¿Qué sabemos sobre los romanos?, SM (colección Saber), Madrid, 1991.
- Durán Mateu, M. et al., Latín I, Casals, Barcelona, 2015.
- Espinós, J. et al., Así vivían los romanos, Anaya, Madrid, 1987.
- Ferro Ruibal, X. et al., De onte a hoxe. Latín II, Xerais, Vigo, 1991.
- Grimal, P., Diccionario de mitología griega y romana, Paidós, Barcelona, 1994.
- Hacquard, G., Guía de la Roma antigua, Palas Atenea, Madrid, 1995.
- Muñoz, V. et al., Roma: siete aspectos de la cultura latina, Teide, Barcelona, 1990.
- Orberg, H. H., Lingva Latina per se illvstrata, Cultura Clásica, Roma, 2010.

- Rodríguez Adrados, F. R., Historia de las lenguas de Europa, Gredos, Madrid, 2008.

Por outra banda, formarán tamén parte da materia unha serie de actividades complementarias e extraescolares, as cales se describirán no apartado correspondente desta Programación Didáctica con indicación dos materiais e recursos necesarios para desenvolver cada unha delas. Especialmente proveitosa para os alumnos de Latín II resultará a asistencia ás representacións das obras de teatro que se poñerán en escena no marco do Festival de Teatro Grecolatino da Coruña, Lugo e Tui 2024, no que poderán reforzar as explicacións de aula sobre a comedia latina e obter unha idea xeral sobre o funcionamento das representacións cómicas na antiga Roma.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A materia Latín II de 2º de bacharelato é unha materia de continuidade, polo que nun principio o alumnado xa cursou Latín I en 1º de bacharelato e será coñecido para o profesorado. Non obstante, pode ocorrer que a persoa docente sexa de nova incorporación no centro, ou que se incorpore ó grupo alumnado que cursase Latín I noutro centro ou que non cursase esta materia en 1º de bacharelato, polo que nestes casos o alumnado sería descoñecido para o profesor. Por este motivo, ante tales circunstancias, o máis sensato semella ser que se realice en todos os casos unha avaliación inicial, a cal permita adecuar as condicións de ensinanza-aprendizaxe ás características da clase. Tratarase dunha proba escrita de diagnóstico que se presentará na segunda sesión lectiva.

#### OBXECTIVOS

- Identificar o alumnado que repite curso ou que non cursou Latín I en 1º de bacharelato.
- Coñecer as motivacións do alumnado para escoller o bacharelato de Humanidades.
  - Detectar dificultades de tipo académico, cognitivo e persoal no alumnado que poidan ter incidencia no seu rendemento académico.
  - Verificar as técnicas de lectura.
- Saber se o alumnado que non cursou Latín I si cursou Latín en 4º de ESO ou 1º de bacharelato.
- Valorar os coñecementos relacionados coa lingua de impartición da materia, a lingua latina, a cultura e o mundo romanos, e o seu legado do alumnado que sexa novo no centro ou que non cursase Latín I.
  - Determinar os coñecementos relacionados coa lingua latina adquiridos e consolidados polo alumnado que cursou Latín I.
  - Identificar os coñecementos relacionados coa literatura latina e a mitoloxía clásica que posúa o alumnado.

#### INSTRUMENTOS

- Actas e memoria do Departamento do curso anterior.
- Breve cuestionario escrito relacionado cos obxectivos expostos anteriormente.
- Diálogo informal co alumnado.

Ademais, durante os primeiros días de clase e ata o momento en que teñan lugar as sesións da avaliación inicial, se as houbese, na ficha persoal do alumnado realizarase un rexistro dos seguintes aspectos: motivación e autonomía, asistencia e puntualidade, atención, participación, vontade de traballo, dificultades de comprensión e expresión etc.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica           | UD 1      | UD 2      | UD 3      | UD 4      | UD 5     | UD 6     | UD 7     | Total      |
|-----------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|----------|----------|----------|------------|
| <b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>   | <b>28</b> | <b>16</b> | <b>13</b> | <b>32</b> | <b>2</b> | <b>8</b> | <b>1</b> | <b>100</b> |
| <b>Proba escrita</b>        | 95        | 96        | 94        | 95        | 0        | 93       | 100      | <b>93</b>  |
| <b>Táboa de indicadores</b> | 5         | 4         | 6         | 5         | 100      | 7        | 0        | <b>7</b>   |

## **Criterios de cualificación:**

### 5.2.1.- Procedementos de avaliación:

A avaliación do alumnado basearase tanto na observación directa e a supervisión sistemática do seu traballo diario na clase, como na realización e a corrección dunha serie de tarefas e probas escritas. Avaliaranse aspectos variados como as intervencións e as respostas ofrecidas nos intercambios orais co profesor e os compañeiros, a presentación das tarefas, o respecto polos prazos, a ortografía, a corrección gramatical e o bo uso do idioma, a selección da información relevante e o rigor no seu tratamento, e, por suposto, a adquisición de coñecementos e o desenvolvemento das competencias.

Periodicamente planificaranse exames, probas e exercicios escritos que permitirán analizar o progreso dos alumnos, tratándose de exames, probas e exercicios incluíntes, que non permitan condenar ó ostracismo contidos asimilados con anterioridade por este mesmo feito.

A avaliación organizarase en torno a tres momentos fundamentais:

- Avaliación inicial: xa descrita no apartado 5.1.
  - Avaliación continuada: valoraremos preferentemente a adquisición progresiva de contidos, conceptos e obxectivos, e o desenvolvemento das competencias, pero tamén o propio proceso de aprendizaxe do alumnado e a práctica docente.
  - Avaliación sumativa: ó remate de cada período avaliativo, especialmente ó final do proceso, recolleremos os resultados acadados polo alumnado. Nas convocatorias parciais e, sobre todo, nas finais (ordinaria e extraordinaria) comprobarase de xeito prioritario se se acadaron os requisitos mínimos esixidos para a superación da materia, atendendo á adquisición duns obxectivos e dunhas competencias, e ó desenvolvemento duns hábitos e técnicas de traballo e dunha sensibilización ante os valores procurados.
- Por outra banda, os alumnos terán que evidenciar tamén que realizaron as lecturas obrigatorias nalgunha proba escrita ou oral mediante a elaboración dun comentario e unha valoración crítica destas ou calquera outro medio que se determine.

### 5.2.2.- Instrumentos de avaliación:

- Probas escritas: exercicios do día a día, boletíns de exercicios, controis de morfoloxía, controis de lectura, traballos, presentacións multimedia, traducións, exames, enquisas etc.
- Táboas de indicadores: p. ex., observación directa, rúbricas ou listas de cotexo para valorar exposicións, probas orais, respostas ás preguntas do profesor, intercambios orais cos compañeiros, debates...
- Fichas persoais do alumnado.

### 5.2.3.- Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación recollidos neste apartado son os que se aplicarán nas avaliacións parciais, na final ordinaria e na extraordinaria. Cada trimestre faranse polo menos dous exames escritos e/ou orais sobre os contidos traballados ata o momento no que teñan lugar, procurando sempre a uniformidade nos temas incluídos. Ademais, valoraranse tamén aspectos como a ortografía, a lectura comprensiva, a corrección léxica e gramatical na expresión oral e escrita, a fluidez na expresión oral, a corrección na presentación dos traballos encomendados, as intervencións nas actividades de clase e de grupo, a participación oral etc. Polo tanto, a cualificación recibida polo alumnado en todas as avaliacións, agás na extraordinaria de xuño, será froito non só das notas obtidas en cada exame, nos boletíns de exercicios, nos controis, nos traballos individuais ou de grupo, e en cantas tarefas se lle encarguen, senón tamén de cuestións como a ortografía, a presentación das tarefas, a expresión escrita, a expresión oral, as intervencións en clase, a formulación de preguntas etc.

#### a) Cualificación nas avaliacións parciais:

- Valoración do que chamaremos actividades periódicas (15% da cualificación): entre estas poderá haber tarefas como a lectura e a escritura de textos e oracións en latín, os controis de lecturas, os boletíns de exercicios programados para facer un seguimento do grao de asimilación dos contidos explicados nas distintas unidades e o desenvolvemento das competencias, os controis de morfoloxía, a tradución e o comentario de textos, os traballos realizados e a súa exposición etc. Acharase unha media coas notas de todas as tarefas realizadas/presentadas polo alumnado e a esa nota media aplicaráselle a ponderación do 15% antes sinalada.

- Valoración dos temas de cultura (20% da cualificación; só na 3ª avaliación): a avaliación das cuestións

relacionadas cos temas de cultura realizarase unicamente na terceira avaliación e farase por medio dun exame escrito tipo test, que se centrará principalmente nos temas de literatura impartidos ata o momento en que teña lugar o exame, e que, a criterio do profesor da materia, poderá incluír tamén preguntas sobre a transmisión da literatura latina e os sistemas e soportes de escritura ó longo da historia. Neste exame poderán mesturarse preguntas con resposta única e preguntas con resposta múltiple.

- Valoración dos contidos de carácter lingüístico: estes contidos serán avaliados mediante exames escritos segundo o que agora se indica:

- Tanto na primeira como na segunda avaliación haberá un exame de léxico, que consistirá principalmente en dous exercicios: un exercicio de explicación de topónimos galegos (e algúns españois) a partir dos elementos de léxico de orixe latina cos que contén, e un exercicio sobre o significado literal e o uso actual (con oracións de exemplo) de locucións e aforismos latinos que se conservan e utilizan con frecuencia nas linguas de uso habitual por parte do alumnado; ademais, na segunda avaliación este exame incluírá un breve terceiro exercicio, consistente en identificar os prefixos latinos presentes en palabras galegas ou españolas, dar o significado deses prefixos e explicar o significado desas palabras deixando clara a achega semántica dos prefixos latinos. De cara ó establecemento das cualificacións nesas dúas avaliacións parciais os contidos avaliados a través deste exame terán un valor dun 20%.

- En cada unha das tres avaliacións haberá un exame que consistirá nun exercicio único de análise morfosintáctica e tradución directa de oracións ou textos latinos. O exame centrarase nos temas impartidos ata o momento en que este teña lugar e entre a análise e a tradución deberá haber a debida correspondencia, xa que non se aceptarán traducións ben feitas con análises deficientes nin viceversa. De cara ó establecemento das cualificacións en cada unha das tres avaliacións parciais os contidos avaliados a través destes exames terán un valor dun 65%.

- Resumo da cualificación nas avaliacións parciais:

- Na primeira e a segunda avaliación: 15% (actividades periódicas) + 85% (exames sobre contidos de carácter lingüístico: 20% do exame de léxico + 65% do exame de análise morfosintáctica e tradución directa de oracións ou textos latinos).

- Na terceira avaliación: 15% (actividades periódicas) + 20% (exame sobre temas de cultura) + 65% (exame de análise morfosintáctica e tradución directa de oracións ou textos latinos).

- Para que os diferentes apartados (actividades periódicas, temas de cultura, exames de léxico e exames de análise morfosintáctica e tradución directa de oracións ou textos latinos) poidan sumar de cara ó establecemento da cualificación nas diferentes avaliacións parciais, o alumnado deberá obter en cada un deles unha nota media mínima de 3,5 puntos. No caso de que nunha avaliación un alumno acadase nun deses apartados ou exames unha nota media inferior a 3,5 puntos, o apartado en cuestión non achegará puntuación de cara ó establecemento da cualificación nesa avaliación parcial.

b) Aclaracións sobre arredondamentos nas avaliacións parciais:

En ningunha das tres avaliacións parciais (1ª, 2ª e 3ª) se utilizará a práctica do arredondamento e, como aclaración, entenderase que calquera nota que estea entre 5 e 5,9 será 5 e entre 4 e 4,9 será 4 (e así co resto de notas enteiras).

c) Criterios para calcular a nota final da materia na avaliación final ordinaria:

Para superar a materia, o alumnado deberá obter na avaliación final ordinaria do mes de maio unha cualificación positiva (5 ou máis puntos). Ó tratarse dunha materia que conta cun sistema de avaliación continua e na cal non se eliminan contidos a medida que avanza o curso, senón que se inclúen, a cualificación recibida polo alumnado na avaliación final ordinaria estará baseada principalmente na obtida na terceira avaliación parcial e calcularase do seguinte xeito:

- Actividades periódicas (15% da cualificación): realizarase unha media entre as notas obtidas neste apartado en cada unha das tres avaliacións parciais.

- Temas de cultura (6,67% da cualificación): tomarase a nota obtida neste apartado na terceira avaliación parcial.

- Contidos de carácter lingüístico (78,33% da cualificación): do 78,33% que achega este apartado, un 65% procederá en exclusiva da nota obtida no exame de análise morfosintáctica e tradución directa de oracións ou textos latinos na terceira avaliación parcial, e o 13,33% restante procederá da media entre as notas obtidas nos exames de léxico na primeira e a segunda avaliación parcial.

Polo tanto, a nota final da materia na convocatoria final ordinaria obterase así: media da nota obtida no apartado de

actividades periódicas nas tres avaliacións parciais (15%) + nota obtida no apartado dos temas de cultura na terceira avaliación parcial (6,67%) + nota obtida no exame de análise morfosintáctica e tradución directa de oracións ou textos latinos na terceira avaliación parcial (65%) + media entre as notas obtidas nos exames de léxico na primeira e a segunda avaliación parcial (13,33%).

d) Aclaracións sobre arredondamentos e "bonificacións" na avaliación final ordinaria:

É facultade exclusiva do profesorado que imparte a materia utilizar ou non utilizar na avaliación final ordinaria a práctica do arredondamento. Como aclaración, entenderase que, unha vez obtida a cualificación da avaliación final ordinaria segundo o exposto na letra c), calquera nota que estea entre 5 e 5,9 será 5 e entre 4 e 4,9 será 4 (e así co resto de notas enteiras). Non obstante, a partir da décima 5 de cada enteiro o profesor da materia poderá arredondar á alza ó enteiro seguinte ( $4,5 > 5$  /  $5,5 > 6...$ ) a cualificación daqueles alumnos que ó longo do curso amosasen moito esforzo e interese na materia, realizasen as tarefas do día a día encomendadas para a casa e a aula e participasen na súa corrección, interviñesen no desenvolvemento das clases, mantivesen unha actitude activa nos debates e coloquios, formulasen preguntas ó profesor e respondesen con acerto ás súas preguntas etc.

Ademais, sobre a cualificación da avaliación final ordinaria poderá aplicarse unha "bonificación" de ata medio punto no caso daquel alumnado que mantivese unha progresión ascendente nas notas das tres avaliacións parciais, sempre que estas estivesen aprobadas (5 ou máis puntos). Do mesmo xeito, o alumnado poderá optar a outro medio punto adicional na nota da avaliación final ordinaria a través dos distintos controis de morfoloxía que se programarán, para o que será preciso que en cada un deles obteña unha cualificación superior (non igual nin inferior) á do anterior control, sempre e cando a cualificación fose de 5 ou máis puntos en todos eles.

e) Criterios de recuperación da materia:

Dado o carácter progresivo e acumulativo da materia, non se farán con carácter ordinario probas nin exames de recuperación en ningunha avaliación parcial. Polo que respecta ás cuestións relacionadas coa morfoloxía, a sintaxe e tradución directa de oracións ou textos latinos, nas que recae o peso fundamental á hora de establecer a cualificación do alumnado, entenderase que un exame suspenso estará recuperado se se obtén no exame centrado nesas mesmas cuestións inmediatamente seguinte unha cualificación positiva (5 ou máis puntos), e que unha avaliación suspensa estará recuperada se se obtén na avaliación inmediatamente seguinte unha cualificación positiva (5 ou máis puntos). De xeito extraordinario, o profesor terá a facultade de decidir realizarlles unha recuperación da terceira avaliación parcial a determinados alumnos en atención ó seu esforzo e ó seu bo rendemento académico ó longo do curso (por exemplo, a alumnos que só suspendesen a terceira avaliación, alumnos que realizasen as lecturas obrigatorias, alumnos que presentasen todos os boletíns de exercicios, alumnos que interviñesen de xeito constante nas clases etc.), de maneira que un mal resultado nunha proba ou exame ou nunha avaliación non poña en perigo o traballo de todo un curso. Esta recuperación consistirá en ofrecerlles a posibilidade de volver facer (cambiando as preguntas) un dos exames desa terceira avaliación, normalmente aquel no que tivesen unha cualificación máis baixa: ben o exame sobre os temas de cultura, ou ben o exame sobre os contidos de carácter lingüístico (no caso de que obtivesen unha nota inferior a 3,5 puntos no de contidos lingüísticos que inclúe o exercicio de análise morfosintáctica e tradución directa de oracións ou textos latinos, será ese o que repetirán). A nota acadada neste novo exame substituirá, sempre e cando sexa superior, a obtida no exame que se repetise e en ningún modo alterará o procedemento de establecemento de cualificacións nas avaliacións parciais e final ordinaria máis arriba descrito. Quérese dicir con isto que a nota deste novo exame non se poderá considerar a cualificación da terceira avaliación parcial nin da avaliación final ordinaria.

f) Criterios para calcular a nota da avaliación final extraordinaria de xuño:

O alumnado que non supere a materia na convocatoria final ordinaria terá a oportunidade de obter unha cualificación positiva nela nos exames da convocatoria extraordinaria de xuño, que versarán sobre os contidos explicados ó longo de todo o curso, que serán do mesmo tipo que os planificados nas distintas avaliacións parciais e que se cinguirán ós mesmos mínimos esixidos para aprobar a materia segundo se fixan na presente Programación Didáctica. Descríbense a continuación eses exames:

- Exame escrito tipo test coas seguintes características: supoñerá o 20% da nota desta avaliación; centrarse principalmente nos temas de literatura impartidos na terceira avaliación parcial e, a criterio do profesor, poderá incluír tamén preguntas sobre a transmisión da literatura latina e os sistemas e soportes de escritura ó longo da historia; poderá mesturar preguntas con resposta única e preguntas con resposta múltiple.

- Exame escrito sobre os contidos de carácter lingüístico (léxico), que contará cun exercicio de explicación de topónimos galegos (e algúns españois) a partir dos elementos de léxico de orixe latina cos que contén, un exercicio sobre o significado literal e o uso actual (con oracións de exemplo) de locucións e aforismos latinos que se conservan e utilizan con frecuencia nas linguas de uso habitual por parte do alumnado, e un exercicio de identificación dos prefixos latinos presentes en palabras galegas ou españolas, comentario do significado deses prefixos e explicación

do significado desas palabras deixando clara a achega semántica dos prefixos latinos. Este exame supoñerá o 20% da nota desta avaliación.

- Exame escrito sobre os contidos de carácter lingüístico, que supoñerá o 60% da nota desta avaliación e consistirá nun exercicio único de análise morfosintáctica e tradución directa de oracións ou textos latinos. Entre a análise e a tradución terá que haber a debida correspondencia, xa que non se aceptará unha tradución ben feita cunha análise deficiente nin viceversa.

A nota recibida polo alumnado nesta avaliación extraordinaria resultará da suma das puntuacións obtidas nos diferentes exames despois da aplicación das ponderacións establecidas en cada caso. Para superar a materia a través destes exames, será preciso lograr unha cualificación global (despois da suma) de 5 ou máis puntos, dado que toda nota inferior a 5 puntos indicará que a materia está suspensa. Será facultade exclusiva do profesorado utilizar ou non utilizar a práctica do arredondamento: como aclaración, entenderase que calquera nota que estea entre 5 e 5,9 será 5 e entre 4 e 4,9 será 4 (e así co resto de notas enteiras), agás que o profesor decida facer uso do posible arredondamento. Aclárase tamén que para o establecemento da cualificación da avaliación final extraordinaria despois da realización destes exames non se terá en conta o apartado das actividades periódicas realizadas polo alumnado considerado nas distintas avaliacións parciais.

#### 5.2.4.- Criterios de corrección e puntuación de exercicios, probas e exames:

Os criterios de corrección e puntuación que se expoñen a continuación empregaranse tanto nas diferentes avaliacións parciais, como na final ordinaria e a extraordinaria.

.- Puntuacións: todo tipo de probas escritas, exames, boletíns de exercicios, controis de lectura, controis de morfoloxía, traballos, exposicións e tarefas que se lle encomenden ó alumnado serán valorados sobre 10 puntos e posteriormente faranse as medias e ponderacións que resulten oportunas. A puntuación que neles se lle outorgue a cada apartado, exercicio ou pregunta aparecerá recollida de forma explícita no propio instrumento. Cando se inclúan exercicios de análise morfosintáctica e tradución directa de oracións ou textos latinos, terá que haber a debida correspondencia entre a análise e a tradución, xa que non se aceptará unha tradución ben feita cunha análise deficiente nin viceversa. Ademais, no caso concreto dos exames aplicaranse os seguintes criterios:

- Non presentarse a un exame sen unha causa debidamente xustificada por escrito mediante documento de validez oficial supoñerá para o alumnado unha puntuación de 0 puntos no exame en cuestión.
- Entregar un exame en branco, ou con respostas fóra de ton ou de contido totalmente carente de sentido en relación coas preguntas formuladas supoñerá para o alumnado unha puntuación de 0 puntos no exame en cuestión.
- Copiar nun exame polo procedemento que sexa supoñerá para o alumnado unha puntuación de 0 puntos no exame en cuestión.

.- Non entrega de tarefas: cando un alumno sen causa debidamente xustificada por escrito mediante documento de validez oficial entregue fóra de prazo ou non entregue un boletín de exercicios, un traballo ou calquera outra tarefa que se lle encomende, ou non se presente a un control de lectura ou de morfoloxía obterá no instrumento en cuestión unha puntuación de 0 puntos. Os exercicios, traballos, tarefas etc. seranlle recollidos e corrixidos, pero, se non xustifica a súa tardanza na entrega ou a non entrega, computaranlle como un 0 á hora de establecer a nota da avaliación.

.- Copiar nas tarefas: cando un alumno copie dun compañeiro as actividades dun boletín de exercicios, dun traballo ou de calquera outra tarefa que se lle encomende obterá no instrumento en cuestión unha puntuación de 0 puntos, medida que se lle poderá aplicar tamén ó alumno que facilite as tarefas para ser copiadas.

.- Faltas de ortografía: en todo exercicio, tarefa, proba ou exame que requira unha produción escrita do alumnado cada erro ortográfico na lingua vernácula será penalizado coa detracción de 0,1 puntos, ata un máximo de 1 punto.

.- Presentación: terase en conta negativamente a mala presentación, especialmente no que toca a limpeza, borranchos, caligrafía e respecto polas marxes, podendo supoñer a perda de ata 0,5 puntos en cada exercicio, proba e exame.

.- Exactitude nas respostas: valorarase o rigor na resolución das actividades e a corrección na indagación, estudo e asimilación de información.

.- Expresión oral e escrita: unha coidada expresión oral e escrita na lingua habitual dos alumnos, especialmente no que toca ó léxico e a sintaxe, poderá supoñer un extra de ata 0,5 puntos en cada exercicio, proba, traballo ou exame.

### Criterios de recuperación:

Véxase o establecido na letra "e) Criterios de recuperación da materia" do apartado "5.2.3.- Criterios de cualificación".

## 6. Medidas de atención á diversidade

O principal obxectivo destas medidas é o seguimento do alumnado que require unha atención específica en consideración ás súas características, motivacións ou circunstancias educativas e persoais, e o daquel alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso.

Con carácter xeral a ensinanza debe ter unha natureza individualizada, que tome en consideración o punto de partida de cada alumno ou alumna, traballando na medida do posible de xeito particular sobre a súa motivación, os seus intereses e as súas capacidades de aprendizaxe. Neste sentido débese prestar atención especial ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. De xeito ordinario adoptaranse unha serie de medidas encamiñadas a prever ou compensar dificultades leves mediante a adecuación do currículo vixente, sen alterar ningún dos seus elementos prescritivos, co fin de que a diversidade do alumnado acade as capacidades establecidas nos obxectivos. Logo da avaliación inicial e seguindo as indicacións do Departamento de Orientación, entre estas medidas poderían estar as seguintes:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos...) e da organización e a xestión da aula ás características do alumnado. Trátase neste punto, por exemplo, da colocación do alumnado na aula (proximidade á persoa docente, agrupamentos en parellas etc.).
- Adecuación da Programación Didáctica ó contorno e o alumnado. Este punto é básico e debe determinar dende o primeiro momento a programación de todas as materias do centro.
- Adaptación dos tempos e os instrumentos de avaliación. Esta medida será unha das máis frecuentes e de fácil aplicación.
- Programas de recuperación. Trátase da posibilidade de elaborar un programa específico para recuperar as avaliacións e tamén a materia no seu conxunto.
- Reunións periódicas do equipo docente convocadas polo profesorado titor, para realizar un seguimento de casos e intervir cando a situación o aconselle.

As medidas que se veñen de citar poderanse tomar nos seguintes casos: alumnado que permaneza máis dun ano no mesmo curso, ou alumnado con necesidades educativas especiais, con dificultades específicas de aprendizaxe, con trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), con altas capacidades intelectuais, con incorporación tardía ó sistema educativo ou con situacións persoais ou de historia escolar específicas (en xeral, alumnado con necesidades específicas de apoio educativo). É posible tamén que este alumnado requira unha atención educativa diferente á ordinaria e precise da adopción doutro tipo de medidas curriculares e organizativas que poidan garantir o seu adecuado progreso. En todo caso, a proposta das medidas máis axeitadas para a súa atención e a posta en práctica destas medidas ou de calquera outra non recollida anteriormente farase sempre baixo a supervisión e en estreita colaboración co Departamento de Orientación e o resto do equipo docente.

Por outra banda, o alumnado repetidor será obxecto dun plan de seguimento específico. Sería moi recomendable que neste plan se recollisen as circunstancias concretas que dificultan o proceso de aprendizaxe do estudante en cuestión e que as medidas se deseñasen tendo en consideración estas circunstancias.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

|                                    | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 |
|------------------------------------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - A comprensión lectora.      | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.2 - A expresión oral e escrita. | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.3 - A comunicación audiovisual. |      |      |      |      | X    |      | X    |



|  | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 |
|--|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.4 - A competencia dixital.                      |      |      |      |      | X    | X    | X    |
| ET.5 - O emprendemento social e empresarial.       |      |      |      |      | X    | X    | X    |
| ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico. | X    | X    | X    | X    |      |      |      |
| ET.7 - A educación emocional e en valores.         | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.8 - A igualdade de xénero.                      | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.9 - A creatividade.                             |      |      |      |      | X    | X    | X    |
| ET.10 - A educación para a paz.                    |      |      |      | X    |      | X    |      |

**Observacións:**

Os elementos transversais son valores que teñen unha traxectoria histórica e, baixo o exemplo civilizador do mundo clásico, intégranse no currículo dende a perspectiva dos contidos de Grecia e Roma e tradúcense nunha vontade permanente de exemplificar a través deles e destacar o respecto a dereitos e liberdades fundamentais, á participación, a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz e a democracia, desenvolvendo a través da metodoloxía do currículo unha educación para a convivencia e o respecto nas relacións interpersoais, impulso da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, a tolerancia e o recoñecemento da diversidade e o rexeitamento de calquera forma de violencia.

É importante mencionar o interese que a metodoloxía do currículo ten en educar a capacidade de escoita activa, a empatía e o diálogo. Igualmente o autocontrol no uso das tecnoloxías da información e a comunicación, a convivencia e os hábitos de vida saudables, motivando o espírito emprendedor que xera un emprego sostible a través dunha posta en valor e uso respectuoso da herdanza clásica que o rico patrimonio grecorromano atesoura.

Como eixes vertebradores deste apartado, teranse en conta a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento, a educación emocional, a igualdade de xénero e a creatividade.

**7.2. Actividades complementarias**

| Actividade  | Descrición  | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|----------|----------|----------|
| Visita a Santa Comba de Bande, o campamento romano de Aquis Querquennis e a vila de Celanova. | Actividade que se organizará en colaboración co Departamento de Xeografía e Historia co fin de coñecer as características da arte prerrománica e a mozárabe (Santa Comba de Bande, e San Miguel e San Salvador de Celanova) e un dos campamentos romanos mellor conservados do noso país (Aquis Querquennis). | X        |          |          |
| Participación no concurso de resolución de preguntas en liña Odisea 2024.                     | Concurso sobre coñecementos do mundo clásico organizado pola delegación galega da Sociedad Española de Estudios Clásicos en torno ó mes de febreiro, consistente en responder en equipos nun tempo determinado a unha serie de preguntas formuladas a través da rede.   |          | X        |          |

| Actividade   | Descrición  | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--|---|----------|----------|----------|
| Asistencia ó Festival de Teatro Grecolatino da delegación galega da SEEC de 2024 en Tui. | Festival organizado pola delegación galega da Sociedad Española de Estudios Clásicos en torno ós meses de febreiro ou marzo, ó que acudiremos para ver dúas obras de teatro clásicas despois de lelas e comentalas na aula. |          | X        |          |

**Observacións:**

Algunha outra actividade como asistencia a exposicións, charlas ou acontecementos que poidan xurdir durante o curso.

**8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro**

| Indicadores de logro  |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico  |
| Correcta distribución dos contidos; os materiais e actividades proporcionados son adecuados e suficientes para progresar na materia e coherentes co grao de dificultade; adecuación das probas ó traballado na aula; conveniencia e correcta aplicación dos criterios de corrección e cualificación e do sistema de avaliación (instrumentos, procedementos e criterios); explicación clara de todo o relacionado coa materia; valoración dos resultados. |
| Metodoloxía empregada   |
| Correcta preparación e organización das clases; a forma de traballar contribúe á consecución dos obxectivos e o desenvolvemento das competencias.   |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos  |
| Adecuación do espazo físico e os recursos da aula á metodoloxía de traballo e os obxectivos da materia.   |
| Medidas de atención á diversidade   |
| Adecuación da metodoloxía e os materiais ás características e necesidades do alumnado.  |
| Clima de traballo na aula   |
| Fomento da participación do alumnado; adecuación do ambiente de traballo; ambiente de traballo respectuoso; consideración da opinión do alumnado; grao de motivación logrado no alumnado.   |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais  |
| Contribución da materia ó progreso noutras materias.  |
| Outros  |
| Desempeño do alumnado e o profesorado.  |

**Descrición:**

Todos os indicadores serán analizados a partir dun documento de rexistro do profesor da materia e dos datos proporcionados por unha enquisa que se lle subministrará ó alumnado ó remate da primeira e a terceira avaliación. Tamén se terán en conta os resultados obtidos polo alumnado nas diferentes tarefas que se lle encomenden e nas

diferentes avaliacións parciais, así como na ordinaria e a extraordinaria.

A información obtida permitiranos realizar o contraste da práctica educativa co programado, a fin de realizar a revisión e, se fose necesario, a modificación das decisións que adoptásemos.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Esta programación constitúese como un instrumento vivo que o docente seguirá como marco de referencia e que permite introducir as correccións e melloras pertinentes, co fin de poder evitar as improvisacións. Todo iso conseguirase seguindo as directrices desenvolvidas nos puntos e elementos anteriores dunha maneira flexible e adaptándose ás circunstancias concretas do centro e o alumnado.

O profesor que imparte a materia realizará a través da aplicación informática Proens o seguimento e a supervisión desta programación didáctica, reflectindo información relevante de cada unidade didáctica: as datas de inicio e fin de impartición e as sesións realizadas, o grao de cumprimento con respecto ó planificado, as propostas de modificación e/ou mellora, a xustificación razoada no caso de producirse algunha desviación e, de ser o caso, observacións.

Ó remate do curso realizarase un seguimento final da programación didáctica, no que se recollerá información sobre os seguintes aspectos: número de unidades didácticas explicadas e orde de impartición destas, actividades realizadas, resultados de avaliación e comparación destes cos de cursos anteriores, consecución dos obxectivos e desenvolvemento das competencias por parte do alumnado, grao de cumprimento dos indicadores de logro, propostas de modificación e mellora, e observacións xerais. As reunións mensuais do Departamento servirán para ir recollendo e analizando estes datos ó longo do curso, e os cambios e adaptacións que se poidan chegar a realizar recolleranse nas actas desas reunións. O xefe do Departamento elaborará con toda esta información unha memoria final do curso.

## **9. Outros apartados**